



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 11 DE DECEMBRO DE 2008,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Decreto polo que se crea a vivenda tutelada para a atención ás persoas con discapacidade intelectual *Casa da Quintán*, no Concello de Ponte Caldelas (Pontevedra)

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se regula o Consello de Ensinanza Artísticas Superiores
- Decreto polo que se dispón o cesamento e o nomeamento de membros do Consello Escolar de Galicia

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Decreto polo que se declaran paisaxe protexida os Penedos de Pasarela e Traba
- Decreto polo que se modifica o Decreto 1/2006, do 12 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia e a *Fundación de Estudos e Análises* (FESAN), para o desenvolvemento dun programa de accións formativas para a prevención da dependencia exterior

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, e a Universidade de Santiago de Compostela, para o apoio á formación de expertos latinoamericanos en cooperación internacional

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica para subscribir a addenda ao convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e as sociedades de garantía recíproca *Afigal* e *Sogarpo*, para facilitar o financiamento das pequenas e medianas empresas con centros de actividade na Comunidade Autónoma de Galicia
- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto de carácter plurianual derivado do proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para 2008 as axudas aos traballadores residentes en Galicia para a contratación dun seguro de pagos protexidos
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e a Fundación Galega para a Sociedade do Coñecemento (FGSG), para o deseño e posta en marcha do Observatorio da Competividade

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de que se subscribirá entre o ente público Portos de Galicia e o Concello de Porto do Son, para o mantemento das obras de urbanización da dársena do Porto Son e para a execución e mantemento das obras de remodelación do bordo interior do Porto do Son
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Ourense para o financiamento da redacción da revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ourense
- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de corenta e catro millóns oitocentos dez mil oitocentos sesenta e seis euros con oitenta e seis céntimos (44.810.886,86), correspondente á obra: "Vía de alta capacidade Tui (incluído enlace autovía a Portugal) – A Guarda, Treito I: Tui (Enlace A55) – Enlace PO-350"
- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de catro millóns cincuenta e un mil catrocentos vinte e un euros con oitenta e nove céntimos (4.051.421,89) correspondente á obra: "Adaptación da estrada LU-641 ao Plan de baixa intensidade media diaria (IMD)"



- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de catro millóns douscentos corenta e tres mil oitocentos nove euros con noventa e cinco céntimos (4.243.809,05), correspondente á obra: “Reforzo do firme e MSV na LU-633, p.q. 26+500 ao 48+695”
- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de nove millóns setecentos dezaioito mil setecentos sesenta e tres euros con cincuenta e cinco céntimos (9.718.763,55), correspondente á obra MSV no treito Xubia (P.Q 7+320-Límite provincia (P.Q. 69+480 da AC-862”

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña, para o funcionamento do centro Rafael Puga Ramón, durante o ano 2009
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre o Ministerio de Ciencia e Innovación e a Comunidade Autónoma de Galicia, para o financiamento de proxectos de mellora de campus universitarios situados en Galicia, a través de axudas que concederá esta comunidade autónoma
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, o Concello de Sada e a *Asociación de Nais e Pais As Mariñas do CEIP de Sada*, en relación coa prestación do servizo de comedor escolar

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a *Fundación Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia*, para o desenvolvemento de actuacións de cara á creación e posta en operatividade do Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia
- Acordo polo que se autoriza un convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a *Fundación Centro Tecnolóxico da Lousa*, para a consolidación do Centro Tecnolóxico da Lousa de cara á creación dun centro de competencia no sector
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a *Fundación Centro Tecnolóxico do Granito*, para a consolidación do Centro Tecnolóxico do Granito de cara á creación dun centro de competencia no sector



- Acordo polo que se autoriza a subscripción da addenda ao convenio asinado o 29 de novembro de 2007 entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, o Instituto Español de Comercio Exterior, as Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia e o Consello Superior de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de España, para o desenvolvemento do Programa de Seguimento PIPE, correspondente á anualidade do 2009
- Acordo polo que se autoriza a subscripción da addenda ao convenio asinado o 29 de novembro de 2007 entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, o Instituto Español de Comercio Exterior, as cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia e o Consello Superior de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de España, para o desenvolvemento do Programa Plan de Iniciación á Promoción Exterior (PIPE), correspondente á anualidade do 2009

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo de recoñecemento, autorización e cualificación da colección visitable Obradoiro e Arquivo de Documentación Musical do Centro de Artesanía e Deseño da Deputación Provincial de Lugo
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Consellería de Cultura e Deporte, e a *Federación Galega de Xadrez*, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade, e se autoriza o establecemento dun anticipo do 50% da subvención no momento da concesión.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Consellería de Cultura e Deporte, e a *Federación Galega de Hóckey*, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade, e se autoriza o establecemento dun anticipo do 50% da subvención no momento da concesión.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Consellería de Cultura e Deporte, e a *Federación Galega de Fútbol*, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade, e se autoriza o establecemento dun anticipo do 50% da subvención no momento da concesión.

CONSELLERÍA DE SANIDADE



- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para o Complexo Hospitalario de Montecelo (Pontevedra)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio específico de colaboración entre a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia e a *Consejería de Sanidad de Castilla y León*, para o establecemento dun procedemento de actuación en materia de extracción de sangue de cordón umbilical e o seu procesamento.

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda pola que se prorroga ata o 30 de xuño de 2009 o convenio de colaboración asinado o 1 de agosto de 2008 entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Confraría de pescadores de Miño, para a execución do proxecto de seguimento e mellora das condicións para a cría de moluscos
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da segunda addenda pola que se prorroga ata o 30 de xuño de 2009 o convenio de colaboración asinado o 31 de decembro de 2007 entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Confraría de pescadores de Baiona, para a execución do proxecto de conservación e mellora das condicións ambientais de Foz do Miñor

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Tui para a execución da obra: "Saneamento no Monte Aloia. Tui (Pontevedra)", clave OH.336.798, por importe de cincocentos catorce mil catrocentos euros con setenta e oito céntimos (514.400,78 €).

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Acordo polo que se autoriza o modelo tipo do convenio de colaboración que se subscribirá entre a Consellería de Traballo e as entidades financeiras para o financiamento dos xuros dos préstamos persoais solicitados polos traballadores das empresas da lousa en situación de urxente necesidade e se autorizan os compromisos de gastos de carácter plurianual ao abeiro dos convenios que se asinen

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO



- Acordo polo que se acorda a cesión temporal de uso dos terreos propiedade do Instituto Galego de Vivenda e Solo, situados nas inmediacións do polígono industrial da Raña, para aparcadoiro de camiións, ao Concello do Barco de Valdeorras

A XUNTA APROBA A CREACIÓN DUNHA VIVENDA TUTELADA PARA A ATENCIÓN A PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL EN PONTE CALDELAS

- *O Consello da Xunta deu luz verde ao decreto de creación do centro*
- *O novo equipamento situarase no barrio da Quintán, nunha parcela cedida pola Fundación Sálvora, e contará con 14 prazas*

O Goberno galego aprobou na súa xuntanza de hoxe o decreto polo que se crea unha vivenda tutelada para a atención ás persoas con discapacidade intelectual no Concello de Ponte Caldelas.

O centro situarase na Casa da Quintán, un predio cedido á Xunta de Galicia pola Fundación Tutelar para Persoas con Discapacidade Intelectual Sálvora para ser destinado á prestación de servizos residenciais para persoas con este tipo de discapacidade. O novo equipamento ocupará esta parcela de 1.467 metros cadrados no barrio da Quintán, e contará con 14 prazas.

As vivendas tuteladas teñen como finalidade facilitar o desenvolvemento da autonomía das persoas con discapacidade, promovendo a súa integración en contextos normalizados no camiño de mellorar a súa calidade de vida.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA A CREACIÓN DO CONSELLO GALEGO DE ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES

- ***Este órgano Colexiado Consultivo realizará labores de asesoramento para o desenvolvemento de políticas de coordinación e planificación das ensinanzas artísticas superiores en Galicia***

O Consello da Xunta aprobou o decreto polo que se crea e regula o Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores, co obxectivo de dotar a Comunidade dun órgano Colexiado Consultivo especializado neste eido que realice labores de asesoramento para o desenvolvemento das políticas de coordinación e planificación das ensinanzas artísticas superiores en Galicia.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pon en marcha este órgano no marco da nova Lei orgánica de educación (LOE), que reforma substancialmente as ensinanzas artísticas, e logo da creación do Consello Superior de Ensinanzas Artísticas, como órgano consultivo do Estado e de participación dos sectores implicados nestas ensinanzas.

Entre as súas competencias atópanse:

- asesorar a Administración educativa galega en materia de ensinanzas artísticas
- coñecer e emitir informe sobre todos os proxectos e disposicións normativas que afectan estas ensinanzas
- fomentar o coñecemento mutuo e o intercambio de información entre centros que impartan ensinanzas artísticas superiores, así como entre estes e a Administración educativa
- realizar estudos e programas de actuación
- emitir informe sobre as propostas de creación, modificación e supresión de centros públicos destas ensinanzas, e recoñecemento de centros autorizados
- promover a cooperación entre os centros galegos e outras institucións
- emitir informes sobre propostas de avaliación e mellora da calidade dos centros, e sobre a memoria anual presentada polos centros de ensinanzas artísticas superiores.

Composición

O Consello estará composto pola persoa titular da Consellería de Educación, que ocupará a súa presidencia; pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de ensinanzas artísticas, que ocupará a vicepresidencia; a persoa titular da dirección xeral competente en materia de ordenación universitaria; unha persoa que exerza a dirección dun centro superior por cada unha das ensinanzas artísticas superiores implantadas en Galicia; e outra designada polo conselleiro/a competente en materia de Cultura.

Tamén contará con seis personalidades de recoñecido prestixio do ámbito das artes; e dunha persoa nomeada polo Parlamento de Galicia, de recoñecido prestixio no ámbito das ensinanzas artísticas, e por proposta de cada un dos grupos políticos con representación parlamentaria, se o Parlamento o considera procedente.



O Consello funcionará en pleno, que se reunirá con carácter ordinario polo menos unha vez por trimestre; e en comisión permanente, cuxos membros serán designados polo pleno, e que ten como funcións, entre outras, a elaboración dun informe anual sobre o estado e a situación das ensinanzas artísticas superiores, e elaborar e aprobar informes por delegación expresa do pleno.

A Comunidade Autónoma de Galicia dispón dunha oferta de ensinanzas artísticas que abrangue a música, a danza, a arte dramática, as artes plásticas e o deseño, os estudos superiores de deseño, e os estudos de conservación e restauración de bens culturais. Uns 11.814 alumnos e alumnas cursan estes estudos na comunidade galega.



APROBADO O DECRETO POLO QUE SE DISPÓN O CESAMENTO E O NOMEAMENTO DE MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se dispón o cesamento e o nomeamento de membros do Consello Escolar de Galicia, en cumprimento do regulamento de réxime interno deste órgano, que establece que o nomeamento dos membros de cada un dos grupos que integran o pleno do consello se renovarán por metades cada dous anos.

Así, segundo este decreto, renovan o cargo, en representación dos profesores do ensino público nos niveis educativos correspondentes ao ámbito do ensino non universitario de Galicia, Víctor Manuel Rodríguez Gesto, da Federación do Ensino-Comisións Obreiras e Odilo Barreiro Martínez, da Confederación Intersindical Galega; e no ensino privado, Xosé Marcial Comesaña Figueiras, da Federación de Ensino-Comisións Obreiras, e Armindo Francisco Mera, da Federación de Sindicatos Independentes de Ensinanza de Galicia.

En representación de pais de alumnos, propostos polas confederacións de asociacións de pais de alumnos en proporción á súa representatividade, en ensino público, renovan o cargo Sara Inés Veiga Núñez e Virgilio Gantes Gómez, da Confederación Galega de APA de Centros Públicos; e en ensino privado, María Paz García Fernández de Bescansa, da Confederación Galega de Asociacións de Pais de Alumnos.

Ademais, en representación dos alumnos, propostos polas federacións ou confederacións de asociacións de alumnos en proporción á súa representatividade, renovou o cargo Azucena Rodríguez Amoroso, da Federación de Asociacións de Xoves Estudantes Galegos.

En representacións das centrais sindicais que, de acordo coa lexislación vixente, teñan a consideración de máis representativas en Galicia, renovan o cargo Francisco Xesús Anxo Louzao Rodríguez, da Confederación Intersindical Galega, e Mariano García González, da Unión Xeral de Traballadores.

En representación de profesores, propostos polos movementos de renovación pedagóxica de Galicia en atención á súa representatividade, renova o cargo Xosé Ramos Rodríguez, da Coordinadora Galega de Movementos de Renovación Pedagóxica.

Ademais, en representación da Administración educativa, renovan o seu cargo María José Pérez Mariño, Benito Fernández Rodríguez e Milagros Blanco Pardo. En representación da universidade, proposto polo seu máximo órgano de goberno, renova o seu cargo Agustín Requejo Osorio.

Cesamentos e nomeamentos

Este decreto recolle, ademais, o cesamento de Concepción Alvariño Alejandro, de Comisións Obreiras, en representación do persoal de administración e servizos. Por outra banda, en representación de titulares de centros privados, cesa José Luis Baños González, da Federación de Centros de Educación e Xestión.



En representación das centrais sindicais que de acordo coa lexislación vixente teñan a consideración de máis representativas en Galicia, recóllese o cesamento de Xosé Barral Sánchez, de Comisións Obreiras.

Ademais, o decreto establece o cesamento de Basilio Toyos Alonso, en representación das organizacións empresariais, proposto pola Confederación de Empresarios de Galicia. Así mesmo, en representación da Administración local, propostos pola Federación Galega de Municipios e Provincias, cesan no seu cargo Xosé Manuel Vilariño Anca, Antonio Montero Fernández, Julio Sayáns Bugallo, Carlos López Crespo, Xaime Rey Barreiro, María Josefa Cebreiro Santos, María Concepción Méndez Gándara e Evencio Ferrero Rodríguez.

Por último, en representación de personalidades de recoñecido prestixio no campo da educación, propostos pola conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, cesa Luis Otero Outes.

O decreto establece ademais o nomeamento de Elvira Patiño Ogea, da Confederación Intersindical Galega, en representación do persoal de administración e servizos; de Xosé Francisco Martínez Reboiras, da Federación de Centros de Educación e Xestión, en representación de titulares de centros privados; de José Manuel Fuentes Fariña, de Comisións Obreiras, en representación de centrais sindicais; e de José Manuel Álvarez Fernández, en representación das organizacións empresariais.

Así mesmo, noméase a Genara Borrajo Borrajo, en representación de personalidades de recoñecido prestixio no campo da educación. Do mesmo xeito, este decreto recolle o nomeamento de Juan José Díaz Valiño, Juan García Fuentes, Camilo Froján Seoane, Ana María Garrido Rodríguez, José Manuel Domínguez Freitas, Francisco A. Veiga Romero, Manuel Taboada Vigo, e María Socorro Cea Vázquez, en representación da Administración local.



A XUNTA APROBA A DECLARACIÓN DE PAISAXE PROTEXIDA DOS PENEDOS DE PASARELA E TRABA, EN VIMIANZO E LAXE, QUE PERMITIRÁ AMPARAR A SÚA SINGULARIDADE ESTÉTICA E OS SEUS VALORES NATURAIS E CIENTÍFICOS

- ***A declaración implica a posta en marcha de accións encamiñadas a rexenerar o espazo, reforestar con especies autóctonas e propiciar iniciativas de posta en valor da zona desde o punto de vista da sustentabilidade***
- ***Esta é a segunda aprobación dun espazo natural como paisaxe protexida tras a declaración o pasado 13 de novembro no Consello da Xunta do Val do río Navea, en Ourense***
- ***A xestión da paisaxe, que dependerá da Consellería de Medio Ambiente, terá como obxectivos a conservación e protección da paisaxe, fomentar o coñecemento e o respecto da zona, promover a realización de programas de investigación e de educación ambiental, así como un desenvolvemento económico e turístico da zona que sexa respectuoso co ambiente***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración como paisaxe protexida dos Penedos de Pasarela e Traba, nos concellos coruñeses de Vimianzo e Laxe, co fin de dotar dunha figura de protección a singularidade natural, estética e o valor científico deste espazo. Esta declaración implica a realización de accións encamiñadas a rexenerar espazos naturais, reforestar certas áreas con especies autóctonas e propiciar iniciativas de posta en valor da zona desde o punto de vista da sustentabilidade.

O macizo de Pasarela e Traba está constituído por un conxunto de elevacións graníticas, nunha superficie de 212 hectáreas, entre os concellos coruñeses de Vimianzo e Laxe. A combinación e encadeamento de formas graníticas xeran un espazo singular, sendo esta característica a que leva a pór en marcha unha política de protección integral dos penedos. Esta paisaxe, ten ademais un enorme valor científico xa que permiten coñecer cal foi a evolución da zona e, consecuentemente, como se pode someter aos instrumentos de planificación ou plans de conservación.

Esta é a segunda aprobación como paisaxe protexida trala declaración o pasado 13 de novembro no Consello da Xunta do Val do río Navea, comprendido entre os municipios de San Xoán de Río e A Pobra de Trives, en Ourense.

Estas declaracións, previstas na Lei 9/2001 de conservación da natureza, avanza na aplicación da Lei de protección da paisaxe, aprobada este ano pola Xunta, que ten como obxectivo recoñecer xuridicamente a paisaxe e promover políticas para a súa conservación, protección, xestión e ordenación, servindo como marco de referencia para todas as lexislacións, plans e programas que poden influír dalgún xeito na modificación, alteración ou transformación das paisaxes, e, en especial, cando afecten espazos de alto valor natural e cultural.



Esta norma, que ten os seus principios inspiradores no Convenio Europeo da Paisaxe, aprobado en Florencia no ano 2000 por proposta do Consello de Europa; incide na necesidade dun réxime de protección dirixido expresamente á conservación das paisaxes, como espazos que polo seus valores singulares merecen unha preservación especial.

A protección dos Penedos de Pasarela e Traba suporá a busca do mantemento dunhas prácticas de carácter tradicional que contribúan á conservación e preservación dos valores e recursos naturais da zona. A súa xestión, a cargo da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, terá como obxectivos a conservación e protección da paisaxe, en especial dos penedos, fomentar o coñecemento e o respecto da zona, promover a realización de programas de investigación e de educación ambiental, así como un desenvolvemento económico e turístico da zona que sexa respectuoso co ambiente.

Por isto, calquera entidade que promova un proxecto de obras ou infraestruturas na zona deberán presentar na avaliación de impacto ambiental, un estudo de impacto e integración paisaxística.

A Consellería de Medio Ambiente elaborará, ademais, un plan de acción específico para os Penedos de Pasarela e Traba, encamiñado á protección do contorno paisaxístico e a aplicación das medidas necesarias para a posta en valor e rexeneración da zona, así como o seu desenvolvemento sostible.

Nos últimos tres anos a Xunta declarou como monumento natural a Carballa da Rocha, no concello de Rairiz de Veiga, Serra de Pena Corneira, na provincia de Ourense. Ademais, o espazo natural Miño-Neira converteuse en Zona de Especial Protección dos Valores Naturais e Pena Trevinca foi declarada Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA). A Unesco aprobou tamén a declaración como Reserva da Biosfera a zona do río Eo, Oscos e Terras de Burón.

Aprobouse ademais a creación do Espazo Natural de Interese Local de Voutureira, no concello de San Cibrao das Viñas, e o Espazo Privado de Interese Natural de Sobreiras do Faro, no concello de Oia.



O CONSELLO DA XUNTA AMPLÍA A ESTRUTURA DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE PARA DAR CABIDA Á FIGURA DE DIRECTOR NA XESTIÓN DO PARQUE NACIONAL MARÍTIMO- TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS

- ***O director conservador do parque asumirá a súa xestión ordinaria, a dirección das actuacións e medidas excepcionais para preservar os valores naturais e a coordinación das funcións dos axentes forestais e facultativos medioambientais***
- ***Esta figura dependerá da Dirección Xeral de Conservación da Natureza***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible ampliar a súa estrutura e asumir así a administración e xestión do Parque Nacional Marítimo – Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia mediante a creación do posto de director conservador do espazo.

O Real decreto 1082/2008, do 30 de xuño, establece o traspaso á comunidade autónoma da xestión ordinaria do parque, así como a aprobación e execución dos plans reitores de uso e xestión do espazo natural, a determinación da composición do padroado, o seu réxime interno de funcionamento e o nomeamento do seu presidente.

A creación da figura dun director conservador implica, pois, a modificación da estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, ao incluír unha nova unidade administrativa para a xestión do parque que dependerá directamente da Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

O director asumirá a administración ordinaria do parque nacional, a dirección das actuacións e medidas excepcionais para preservar os valores naturais, salvo nos casos que sexa precisa a activación dalgún plan territorial ou especial de Protección Civil, así como a coordinación das funcións de vixilancia, inspección e denuncia dos axentes forestais e facultativos ambientais no ámbito do parque.

A xestión do Parque Nacional Marítimo – Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia foi traspasada á Consellería de Medio Ambiente o pasado 1 de xullo.



A XUNTA DESENVOLVERÁ UN PROGRAMA DE ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA NO EXTERIOR

- ***A iniciativa realizarase a través da Fundación de Estudos e Análises (FESAN) e suporá un investimento de 350.000 euros***

O Consello da Xunta autorizou a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Fundación de Estudos e Análises (FESAN) para o desenvolvemento dun programa de accións formativas para a prevención da dependencia na comunidade galega do exterior. A Vicepresidencia da Xunta destinará un total de 350.000 euros para este proxecto.

Esta iniciativa consistirá na realización de accións formativas sobre a prevención da dependencia dirixidas á comunidade galega no exterior, así como na actualización formativa e informativa permanente que permita o acceso inmediato ás últimas liñas de intervención en materia de prevención da dependencia. Ademais, o convenio de colaboración comprende o desenvolvemento dun programa de especialización profesional continua que inclúe a programación de accións formativas destinadas a garantir a reciclaxe e a actualización profesional permanente neste eido de actuación.

Segundo se establece no convenio de colaboración, a Fundación de Estudos e Análises (FESAN) comprométese a levar a cabo un programa de formación sobre a prevención da dependencia no exterior que inclúe diversos puntos. Así, a FESAN disporá dos medios humanos necesarios para levar a cabo todas as actividades previstas no convenio e establecerá e manterá os contactos coas entidades beneficiarias da formación, ao tempo que coordinará a captación e seleccións dos alumnos e alumnas.

Tamén será responsabilidade desta fundación a localización e adaptación dos espazos para o desenvolvemento das accións formativas, a posta á disposición dos recursos técnicos precisos para a súa realización e o envío e distribución da documentación e material informativo e formativo necesario para o correcto desenvolvemento das accións. A coordinación, impartición, seguimento e avaliación da formación tamén lle corresponderá á FESAN.



A XUNTA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO COLABORARÁN NA FORMACIÓN DE EXPERTOS LATINOAMERICANOS EN COOPERACIÓN INTERNACIONAL

- ***O convenio, que está dotado con 27.165 euros, promove a transferencia de coñecemento que induce á innovación e ao cambio técnico nos países receptores da cooperación galega***

O Consello da Xunta autorizou a subscripción dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, e a Universidade de Santiago de Compostela (USC), para o apoio á formación de expertos latinoamericanos en cooperación internacional.

O obxectivo que persegue este convenio é contribuír á formación no eido da cooperación de expertos dos países prioritarios das axudas da cooperación galega apoiando a súa participación no máster en Xestión da Cooperación Internacional e das ONG que desde anos se ven impartindo na USC. A finalidade do máster é ofrecer a estes futuros expertos as ferramentas precisas para poder colaborar nos seus países de orixe na cooperación internacional con coñecementos e experiencia práctica adecuada no desenvolvemento dos proxectos de cooperación.

Por medio deste convenio financiaranse as actividades destinadas a cubrir os gastos de matrícula do máster e aloxamento dos bolseiros en réxime de pensión completa durante os oito meses de duración do programa, para o que o Goberno galego destina un total de 27.165 euros.

Pola súa parte, a universidade financiará os gastos derivados da viaxe de ida e volta a Santiago de Compostela desde a capital do país de residencia do bolseiro, da matrícula (os restantes dous terzos), así como o seguro médico non farmacéutico durante os nove meses de duración do programa.



O GOBERNO GALEGO DESTINA 4 MILLÓNS DE EUROS MÁIS A REFORZAR A CAPACIDADE DAS SOCIEDADES DE GARANTÍA RECÍPROCA PARA FACILITAR O FINANCIAMENTO DAS PEMES

- ***O Consello autorizou unha addenda ao convenio de colaboración asinado en xullo polo Igape e as SGR galegas, a través do cal o Igape achegaba unha partida de 6 millóns de euros para facilitar o financiamento das pemes***
- ***Esta addenda permite incrementar en 4 millóns de euros a achega inicial do Igape, de xeito que o orzamento total habilitado para este fin será de 10 millóns de euros***
- ***A intervención das SGR, mediante o reforzo das garantías, é fundamental para facer posible que numerosas pemes poidan acceder ao financiamento bancario***

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), dependente da Consellería de Economía e Facenda do Goberno galego, destina 4 millóns de euros máis para reforzar a capacidade das sociedades de garantía recíproca (SGR) galegas, Afigal e Sogarpo, para facilitar o financiamento de proxectos impulsados polas pemes con centros de actividade na comunidade autónoma de Galicia.

O Consello da Xunta de Galicia autorizou a correspondente addenda ao convenio de colaboración asinado en xullo pasado polo Igape e as SGR galegas, a través do que o Igape achegaba unha partida de 6 millóns de euros para facilitar o financiamento de investimentos das pemes galegas destinados á realización dos seus proxectos ou á implantación, ampliación ou modernización das súas instalacións produtivas.

A intervención das SGR, mediante o reforzo das garantías, é fundamental para facer posible que numerosas pemes poidan acceder ao financiamento bancario. Á vista de que os avais que están a conceder as SGR galegas ás pemes son de gran relevancia na actual situación de restricións crediticias, estímase necesario aumentar en 4 millóns máis a achega do Igape para fortalecer os fondos de provisións técnicas destas sociedades.

A addenda autorizada hoxe. permite incrementar en 4 millóns de euros a achega do Igape ás SGR co fin de facilitar o financiamento das pequenas e medianas empresas con centros de actividade en Galicia, de xeito que o orzamento total habilitado para este fin será de 10 millóns de euros, cun límite máximo de 5 millóns de euros por cada sociedade de garantía.



A XUNTA DESTINA DEZ MILLÓNS DE EUROS AO FINANCIAMENTO DO SEGURO DE PAGAMENTOS PROTEXIDOS PARA TRABALLADORES GALEGOS

- ***Esta prima permitirá subvencionar a totalidade da prima a todos os traballadores galegos con contrato indefinido que formalicen un préstamo para a adquisición da súa vivenda habitual, un turismo novo ou para plans de reforma na vivenda habitual enfocados ao aforro enerxético ou a sustentabilidade***
- ***O seguro de pagamentos protexidos cubrirá o pagamento de doce cotas consecutivas ou alternas, cun importe máximo por cota de 1.600 euros no caso de préstamos hipotecarios, e de 1.000 euros no caso doutros préstamos***
- ***O importe máximo do préstamo garantido polo seguro será de 3.000 euros no caso de compra dun turismo ou de reforma dunha vivenda, e de 170.000 euros no dos préstamos hipotecarios***

O Consello da Xunta autorizou hoxe á Consellería de Economía e Facenda a tramitar o financiamento das axudas destinadas a traballadores galegos para a contratación dun seguro de pagamentos protexidos. A Xunta destina un total de 10 millóns de euros a esta actuación que permitirá subvencionar a totalidade da prima ós traballadores galegos con contrato indefinido que formalicen un préstamo para a adquisición da súa vivenda habitual, un turismo novo ou para os plans de reforma da vivenda habitual enfocados ao aforro enerxético e a sustentabilidade.

O seguro de pagamentos protexidos cubrirá o pagamento de doce cotas consecutivas ou alternas dos préstamos, cun importe máximo por cota de 1.600 euros no caso de préstamos hipotecarios, e de 1.000 euros no caso doutros préstamos. Non cobre situacións de desemprego que se produzan nos dous primeiros meses desde a súa contratación (carencia inicial de dous meses) e deben pasar máis de 6 meses entre dous sinistros por desemprego (carencia posterior de 6 meses). A duración máxima de cobertura é de 22 meses contados a partir da fin de cada carencia. O importe da subvención será do 100% das primas de seguros contratadas cun importe máximo de 3.000 euros por cada beneficiario da axuda.

A medida enmárcase no contexto económico actual, onde un dos principais problemas que dificultan a recuperación económica e desincentivan o consumo e o investimento é a falta de confianza dos axentes económicos e das familias. Por esta razón, esta medida persegue mellorar a confianza das familias como base para dinamizar o consumo de bens duradeiros e o investimento en vivenda; incrementar a demanda en sectores coma o do automóbil ou o da vivenda; promover o desenvolvemento de actuacións dirixidas a mellorar os niveis de eficiencia enerxética dos fogares e favorecer o acceso ao financiamento ao diminuír o risco dos compradores.

Os préstamos garantidos polo seguro de pagamentos protexidos subsidiables deben cumprir os seguintes requisitos:



Préstamos destinados á adquisición dun turismo novo

o importe máximo do préstamo garantido polo seguro será de 30.000 €; o financiamento deberá destinarse á adquisición do turismo novo nun concesionario situado en Galicia, e o seu prezo de adquisición non poderá exceder de 30.000 euros. Por turismo enténdese o automóbil distinto de motocicleta, concibido especialmente para o transporte de persoas e con capacidade ata nove prazas.

Préstamos destinados á reforma da vivenda habitual

O importe máximo do préstamo garantido polo seguros de pagos protexidos será de 30.000 €; o financiamento deberá destinarse a reformas orientadas ao aforro enerxético e a sustentabilidade que nos excedan os 30.000 euros. Dentro destas reformas recóllense todas aquelas que permiten melloras da envolvente térmica da vivenda tendentes a reducir a súa demanda enerxética, a través de actuacións como o incremento do illamento térmico, a substitución de carpintarías dos ocos, colocación de toldos ou outras actuacións análogas.

Préstamos hipotecarios

O importe máximo do préstamo garantido polo seguro será de 170.000 euros. Este financiamento deberá destinarse á adquisición da primeira vivenda situada en Galicia que non poderá exceder os 200.000 euros.



A XUNTA E AS CAIXAS GALEGAS APOIAN Á FUNDACIÓN GALEGA PARA A SOCIEDADE DO COÑECEMENTO NA POSTA EN MARCHA DO OBSERVATORIO DA COMPETITIVIDADE DE GALICIA

- ***A iniciativa ten por obxectivo realizar unha análise da competitividade de Galicia e dos seus clusters sectoriais de xeito comparado a nivel internacional***

O Consello da Xunta autorizou hoxe ao Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) a realizar unha achega de 300.000 euros ao financiamento do proxecto de creación do Observatorio da Competitividade de Galicia, impulsado pola Fundación Galega para a Sociedade do Coñecemento (FSC). A iniciativa, cofinanciada tamén por Caixanova e Caixa Galicia, ten como obxectivo realizar unha análise da competitividade de Galicia e dos seus clusters sectoriais de xeito comparado a nivel internacional.

Seguindo unha metodoloxía contrastada a nivel internacional e co apoio de entidades de recoñecido prestixio neste ámbito, o Observatorio definirá escenarios futuros e tendencias globais da economía, formulará indicadores que permitan medir a evolución da competitividade de Galicia e os seus principais sectores produtivos; e realizará un seguimento de mercados estratéxicos para a nosa comunidade. Neste sentido, trátase dun potente instrumento ao servizo das empresas, as universidades, a administración e a sociedade en xeral para a anticipación de estratexias e para o seguimento da competitividade de Galicia.

A promoción do desenvolvemento competitivo do sistema produtivo e das empresas galegas é un dos obxectivos do Igape para o que impulsa fórmulas de colaboración con outras institucións para aproveitar as sinerxías existentes. A FSC é unha entidade privada sen ánimo de lucro que agrupa as principais empresas do país (Coren, Finsa, Inditex, Pescanova, PSA Peugeot Citroën e UniónFenosa); as tres universidades; as tres principais entidades financeiras (Banco Pastor, Caixa Galicia e Caixanova); e a Administración. Constituída para alentar e dinamizar a colaboración e cooperación entre os axentes económicos da chamada “triple hélice” (empresa, universidade e administración), a Fundación é unha iniciativa orientada a impulsar os proxectos e actividades no ámbito da sociedade do coñecemento, consolidando redes de cooperación baseadas no uso intensivo das novas tecnoloxías. O obxectivo final é o de contribuír ao desenvolvemento de Galicia ao través da mellora da súa competitividade e, nese sentido, a posta en marcha do Observatorio da Competitividade de Galicia será un instrumento fundamental nesa estratexia.

Organizada en catro comités de área (Innovación e Coñecemento; Novos Negocios e Emprendedores; Internacionalización; e Cooperación e Competitividade) entre as principais iniciativas impulsadas pola Fundación dende a súa constitución figuran o vehículo de promoción de investimentos Crecentia Galicia, o laboratorio de eficiencia enerxética Energylab; a plataforma tecnolóxica educativa Whyville; e a constitución da Agrupación de Empresas Innovadoras da Enerxía e o Medio Ambiente. Ademais, a FSC impulsa actividades transversais nos sectores estratéxicos de Galicia (técnico, automoción,



pesca, enerxía, madeira, naval...) para analizar e impulsar sinerxías e transferencias de coñecemento que faciliten incrementos de produtividade.



O GOBERNO GALEGO INVESTIRÁ 3,2 MILLÓNS DE EUROS NA ÚLTIMA FASE DA URBANIZACIÓN PORTUARIA EN PORTO DO SON

- ***O Consello da Xunta autorizou un convenio de colaboración entre o ente público e o Concello para o mantemento tanto dos espazos xa urbanizados como dos que agora se van acondicionar***

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre Portos de Galicia e o Concello de Porto do Son para o acondicionamento do bordo interior do porto. Segundo este convenio, Portos de Galicia investirá 3,2 millóns de euros nesta última fase das obras de urbanización do porto que agora se van acometer mentres que o Concello asumirá o mantemento tanto desta futura actuación como das realizadas anteriormente.

Portos de Galicia, ente público dependente da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, acometeu xa dúas fases de obras de urbanización de diversos espazos portuarios de Porto do Son. A remodelación do bordo interior, terceira e última fase que agora acometerá Portos de Galicia, permitirá ordenar os tráfico, renovar os firmes e as redes de servizos, instalar mobiliario urbano e axardinar a zona, contribuíndo notablemente á integración porto-vila.

O convenio hoxe autorizado regula, ademais, a conservación e mantemento tanto dos espazos xa urbanizados como dos que se van acondicionar proximamente co obxectivo de que se atopen nas mellores condicións posibles e presten o máximo servizo á cidadanía. Segundo o convenio, o Concello de Porto do Son asume o custo da conservación, mantemento, limpeza e, se é o caso, mellora dos espazos libres do porto. Así, deberá mantelos en adecuadas condicións de limpeza e asumir o mantemento das redes de servizos (abastecemento, saneamento e iluminación), dos pavimentos e sinalización viaria, do mobiliario e dos espazos axardinados e facerse cargo da recollida de residuos sólidos urbanos. Ademais, o Concello cederá 3.821 metros cadrados de titularidade municipal, terreos necesarios para dotar de unidade toda a actuación e mellorar a súa integración cos espazos urbanos. Pola súa banda, Portos de Galicia seguirá sendo o titular dos espazos portuarios e deberá dar a súa conformidade previa a calquera obra de reparación e mellora que realice o concello.



A XUNTA ACHEGA 522.000 EUROS AO CONCELLO DE OURENSE PARA A REDACCIÓN DO SEU NOVO PXOM

- ***A Consellería de Política Territorial financia o 50 por cento do custo dos estudos, que permitirán a adaptación do documento á lexislación vixente***
- ***A CPTOPT xa comprometeu máis de 26 millóns de euros en axudas a 218 concellos para elaborar o seu planeamento***

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes colaborará de Concello de Ourense na redacción da revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal da cidade para adaptalo á lexislación vixente.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a CPTOPT e o Concello de Ourense segundo o cal, Política Territorial financiará con 522.000 euros os traballos de redacción do PXOM. Esta cifra supón a metade do custo total estimado e será repartida en cinco anualidades,

O convenio, que será asinado proximamente, responde á necesidade de que a cidade das Burgas conte cun novo plan xeral adaptado ao marco xurídico estatal e autonómico coa perspectiva de procurar un desenvolvemento urbanístico equilibrado e sustentable e contribuír ao progreso económico e social de Ourense e da súa área de influencia. Cómpre lembrar que ata o de agora Ourense rexíase por un PXOM aprobado en abril de 2003, pero este documento foi obxecto de varias sentenzas de anulación por parte do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de aí a necesidade de redactar un novo instrumento solvente e que conte con todas as garantías xurídicas.

A finalidade última é que o Concello de Ourense –e polo tanto, todos os cidadáns– dispoña dun documento de planeamento urbanístico municipal axustado ás súas necesidades e conforme a lexislación vixente en materia de solo para convertelo nun instrumento de referencia no desenvolvemento da cidade, das súas dotacións e sistemas xerais

Este convenio enmárcase dentro dos plans da Consellería de Política Territorial para ofrecer apoio de carácter técnico e económico a todos os concellos co fin de adaptalos á normativa vixente e que se materializa en liñas de axudas non competitivas que poden acadar ata o 100% do custo no caso dos municipios de ata 50.000 habitantes, e en convenios de colaboración específicos cos de máis de 50.000 habitantes. Cómpre lembrar que a día de hoxe a Consellería xa autorizou máis de 26 millóns de euros en axudas a 218 concellos que decidiron adaptar o seu planeamento.



O GOBERNO GALEGO INVESTIRÁ 44,8 MILLÓNS DE EUROS NO TREITO TUI-TOMIÑO DA VÍA DE ALTAS PRESTACIÓNS DO BAIXO MIÑO

- ***O Consello da Xunta autorizou o gasto para a execución deste primeiro treito de 3,9 quilómetros e con características de autovía da nova infraestrutura entre Tui e A Guarda***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o gasto de 44,8 millóns de euros para a construción do primeiro treito da Vía de Altas Prestacións do Baixo Miño. Este treito, de 3,9 quilómetros entre Tui e Tomiño, terá dende o primeiro momento características de autovía, logo de que a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes modifícase o proxecto inicial para mellorar a súa capacidade, o que supuxo tamén un notable incremento orzamentario da obra. Ademais deste primeiro treito, tamén terá características de autovía dende o primeiro momento o segundo treito, entre Tomiño e a ponte internacional de Goián, duns 14 quilómetros.

O treito para o que hoxe se autorizou o gasto, entre o enlace coa Autovía Tui-Vigo (A-55) e o enlace coa estrada Areas-Tomiño (PO-350) ao seu paso por este último termo municipal, ten unha lonxitude total de 3,9 quilómetros. A reformulación do proxecto orixinal dotou este treito de catro carrís, dous en cada sentido, de 3,5 metros de ancho e dúas beiravías de 2,5 metros. Ademais, reformarase o enlace inicial coa A-55, onde se construíra unha glorieta elevada para distribuír os tráfico tanto das dúas autovías como da estrada convencional Vigo-A Guarda-Tui (PO-552). Este treito de autovía contará con cinco pasos inferiores e tres pasos superiores.

Situación do resto de treitos

Con anterioridade a esta autorización de gasto o Consello da Xunta xa iniciou o proceso expropiador dos terreos necesarios para a construción tanto deste primeiro treito entre Tui e Tomiño como do terceiro entre Goián e A Guarda, cuxas obras están xa en licitación por 53,2 millóns de euros.

Ademais, a CPTOPT someteu a información pública o pasado verán os estudos informativos tanto da variante da Guarda como do segundo treito, entre Tomiño e Goián, cos novos trazados propostos para este último que definen un itinerario factible que minimiza o impacto ambiental que presentaba o previsto polo anterior goberno. A nova alternativa non só reduce o impacto ambiental sobre os espazos protexidos da Rede Natura do río Miño que xeraba o anterior trazado senón que tamén mellora notablemente a mobilidade dos veciños e veciñas de Tomiño xa que coa nova proposta a cidadanía de Tomiño terá esta infraestrutura ao seu servizo. Grazas á disposición dos seus enlaces e ao seu itinerario, o treito que discorre por Tomiño serve tamén como circunvalación da vila e os veciños poderán acceder facilmente a el para realizar os seus desprazamentos tanto cara Tui como cara A Guarda. Ademais, neste treito a vía irá notablemente deprimida con respecto ao trazado previsto anteriormente e incluíra pantallas vexetais que contribuirán a diminuír o seu impacto visual e pistas de servizo de uso público que incrementarán a funcionalidade, permeabilidade e accesibilidade da nova infraestrutura.



Pola súa banda, a variante da Guarda, introducida tamén no proxecto polo actual goberno autonómico, permitirá encauzar os tráfico fora do centro da vila, o que mellorará a calidade de vida dos veciños e a fluidez do tráfico.

Coas modificacións introducidas pola CPTOPT, o custo total da nova autovía entre Tui e Goián, de 18 quilómetros, situarase no entorno dos 130 millóns de euros. O terceiro treito da Vía de Altas Prestacións e a variante da Guarda, que suman outros 13 quilómetros, suporán un custo estimado doutros 65 millóns de euros. Deste xeito, o custo total da nova infraestrutura entre Tui e A Guarda será duns 200 millóns de euros.

A futura Autovía Tui-Goián e a súa continuación como Vía de Altas Prestacións ata a Guarda e a súa circunvalación mellorará a mobilidade e seguridade viaria do Baixo Miño, facilitando as conexións dos concellos da Guarda, O Rosal e Tomiño con Tui e, dende alí, a través da A-55, con Vigo e o resto da rede viaria galega. Este corredor suporá un importante avance nos tempos de conexión e na seguridade viaria fronte á vella estrada Tui-A Guarda, que atravesa numerosas travesías urbanas.



O GOBERNO GALEGO INVESTIRÁ 8,3 MILLÓNS DE EUROS NA MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DE DÚAS INFRAESTRUTURAS NA COMARCA DE SARRIA

O Consello da Xunta autorizou hoxe un gasto de case 8,3 millóns de euros para que a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes acometa obras de mellora e seguridade viaria en dúas estradas que atravesan a comarca luguesa de Sarria.

Deste investimento total, Política Territorial destinará 4.244.000 euros a obras de reforzo do firme e mellora da seguridade viaria na estrada Pedrafita-Alto do Hospital (LU-633), que cruza os concellos de Sarria, Samos e Triacastela. Trátase dunha rehabilitación do firme da actual estrada que se levará a cabo ao longo de 22 quilómetros (entre os puntos quilométricos 26,500 e 48,695) que se corresponden co treito comprendido entre Triacastela e Sarria.

A outra actuación acometerase na estrada entre Castroncán, en Samos, e Sirgueiros, no Incio (LU-641). A CPTOPT investirá 4.051.000 euros no acondicionamento e mellora de toda a estrada ao longo dos seus 15,2 quilómetros de lonxitude. Unha vez reformada, a estrada pasará a ter dous carrís de 3,25 metros e dúas beiravías de 0,50 metros así como beirarrúas nas zonas de carácter urbano.

Estas actuacións enmárcanse dentro das iniciativas da Xunta de Galicia a prol do reequilibrio territorial xa que se mellorarán de xeito significativo as comunicacións e as condicións de seguridade da circulación en catro concellos da comarca de Sarria (Sarria, Samos, O Incio e Triacastela).



A XUNTA INVISTE CASE DEZ MILLÓNS DE EUROS NA REFORMA DA ESTRADA QUE COMUNICA FERROL COA MARIÑA LUGUESA

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá case dez millóns de euros na reforma da estrada autonómica que comunica toda a comarca de Ferrolterra coa Mariña luguesa (AC-862).

O Consello da Xunta autorizou hoxe o gasto, repartido en tres anualidades, para levar a cabo as obras ao longo de 62 quilómetros entre Xuvia (Neda) e o porto do Barqueiro (xa no límite entre as provincias da Coruña e Lugo) e que atravesan os concellos de Neda, San Sadurniño, Moeche, Cerdido, Cedeira, Ortigueira e Mañón.

A actuación proxectada pola CPTOPT consiste no reforzo do firme en toda a estrada e na mellora das obras de drenaxe e da sinalización horizontal e vertical. Ademais, en varios treitos, habilitaranse carrís centrais para poder facer manobras de xiro á esquerda e realizar cambios de sentido e melloraranse as interseccións para facilitar as operacións de incorporación e saída da estrada principal. A obra inclúe, así mesmo, a limpeza das marxes da estrada e a súa restauración paisaxística tendo en conta os criterios ambientais.

Trátase, en definitiva, dunha mellora integral dunha estrada que a día de hoxe é a principal vía de comunicación para os concellos da zona norte da provincia da Coruña, que aglutinan máis de 100.000 habitantes.

A actuación responde aos obxectivos da Consellería de Política Territorial de non só construír novas vías de comunicación, senón tamén de manter as xa existentes en condicións axeitadas de forma que se garanta a mobilidade e a seguridade para todos os usuarios da vía nos seus desprazamentos, ao tempo que se contribúe ao reequilibrio territorial.



A XUNTA CONTRIBÚE CON CASE 500.000 EUROS A FINANCIAR O INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA *RAFAEL PUGA RAMÓN* DA CORUÑA

O Consello da Xunta autorizou o compromiso que deriva do convenio entre a Consellería de Educación e a Deputación Provincial da Coruña, para o funcionamento do Instituto de Educación Secundaria (IES) *Rafael Puga Ramón* durante o ano 2009. Este centro docente depende da Deputación Provincial da Coruña, órgano encargado da súa xestión.

Segundo este acordo, a Administración educativa galega achegará 490.097 euros para o funcionamento deste centro na anualidade de 2009. Mediante a formalización deste convenio mantense a subvención que se viña outorgando ata a actualidade a este centro docente, co obxecto de cubrir o servizo público que presta aos alumnos escolarizados nel. Este convenio renóvase por anos naturais por acordo expreso das partes, mediante a formalización da correspondente addenda.



A XUNTA IMPULSARÁ PROXECTOS DE MELLORA DOS CAMPUS UNIVERSITARIOS DE GALICIA CUNHA ACHEGA DE MÁIS DE 6,2 MILLÓNS DE EUROS

- ***O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre o Ministerio de Ciencia e Innovación e a Comunidade galega para promover a excelencia docente e científica e a internacionalización do Sistema Universitario de Galicia***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre o Ministerio de Ciencia e Innovación e a Comunidade Autónoma de Galicia para o financiamento de proxectos de mellora de campus universitarios situados en Galicia, a través de axudas que concederá esta autonomía. Así, para a execución destas accións o Ministerio de Ciencia e Innovación efectuará unha transferencia por importe de 6.273.583 euros á comunidade galega, en forma de préstamo, de maneira anticipada á execución das actividades, cun prazo de amortización de 15 anos.

O Ministerio de Ciencia e Innovación e a Comunidade Autónoma de Galicia son conscientes da necesidade de coordinación de actuacións en materia universitaria a fin de promover a excelencia docente e científica, a internacionalización do Sistema Universitario de Galicia (SUG) e a súa implicación no cambio de modelo económico baseado no coñecemento, así como mellorar a innovación, buscando situar as universidades públicas galegas entre as mellores de Europa e os seus campus universitarios entre os de máis prestixio internacional.

Con este obxectivo, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria realizará no período 2008-2009 convocatorias de axudas en concorrencia competitiva destinadas ás universidades galegas que servirán para mellorar a súa situación e reforzar o financiamento que poidan obter nas convocatorias que se realicen polo Ministerio de Ciencia e Innovación no ámbito do Programa Campus de Excelencia Internacionais.

No eido das convocatorias que realice a Administración educativa autonómica co obxectivo de promover a excelencia e a innovación nas universidades galegas se poderán financiar actuacións como:

- desenvolvemento e mellora de residencias de posgrao para investigadores e profesores
- instalacións e equipamento relacionados coa docencia, a investigación ou a transferencia
- rehabilitación, renovación e melloras dos edificios universitarios histórico-culturais
- modernización das instalacións dedicadas ás prácticas deportivas universitarias
- potenciación de museos universitarios e melloras do patrimonio científico instrumental
- melloras nas condicións de Seguridade e Saúde nos Laboratorios de Prácticas e de Investigación e na urbanización e acceso a persoas con discapacidade.



EDUCACIÓN FACILITA O SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR AO ALUMNADO DO CEIP DE SADA MEDIANTE A PRESTACIÓN DESTE SERVIZO NO IES DE MOSTEIRÓN

- ***Os 31 alumnos do CEIP de Sada que solicitaron ser beneficiarios do comedor escolar serán transportados diariamente ao IES de Mosteirón para facer uso deste servizo neste centro educativo durante o curso 2008/09***

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, o Concello de Sada e a Asociación de Nais e Pais de Alumnos (ANPA) do Colexio de Educación Infantil e Primaria (CEIP) de Sada en relación coa prestación do servizo de comedor escolar a alumnos pertencentes a este centro durante o curso 2008/09. A Administración educativa autonómica pretende facilitar durante este ano académico este servizo a 31 alumnos/as e a tres persoas para a súa atención persoal pertencentes ao CEIP de Sada, mediante a súa prestación no IES de Mosteirón, para o que o Concello de Sada se compromete a contratar e financiar o servizo de transporte, de ida e volta, entre ambos os centros educativos.

Os medios materiais e persoais dos que dispón o IES de Mosteirón permiten utilizar as súas instalacións para proporcionar, cando menos con carácter transitorio, o servizo de comedor escolar ao alumnado do CEIP de Sada. O convenio de colaboración estenderá a súa vixencia ata o 30 de xuño de 2009.

Este acordo tamén recolle a desinteresada colaboración da ANPA, xa que esta, no caso de non haber persoal docente interesado en realizar esta tarefa, asumirá o coidado e a atención dos alumnos procedentes do CEIP de Sada na utilización do servizo de comedor escolar no IES de Mosteirón, para o que designará a tres dos seus asociados. Así, os labores dos designados serán acompañar e coidar dos alumnos durante os tempos e os traslados no medio de transporte que o Concello de Sada poñerá á súa disposición; durante o servizo de comedor e nas actividades e tempos que transcorran entre a conclusión da actividade de comedor e a chegada dos alumnos ao CEIP de Sada.

A Administración educativa galega comprométese ao libramento das bolsas de comedor correspondentes a 31 alumnos/as e demais persoas ás que se recoñeza o dereito á utilización gratuíta, total ou parcialmente, do servizo. Para tal libramento tomárase o importe correspondente á categoría do comedor do IES de Mosteirón. Ademais, para os efectos do pagamento do complemento por servizos extraordinarios, á dirección do CEIP de Sada confirmará que se encarga dun comedor de xestión indirecta.

O GOBERNO GALEGO INVISTE 6 MILLÓNS NOS CENTROS TECNOLÓXICOS DAS TELECOMUNICACIÓNS, DO GRANITO E DA LOUSA

- ***O Centro Tecnolóxico GRADIANT recibirá preto de 2,5 millóns para a súa creación e posta en operatividade***



- ***O financiamento para os centros da Lousa e do Granito ten o obxectivo de consolidalos como líderes en liñas de investigación estratéxicas***

A Consellería de Innovación e Industria destinará no período 2008–2010 un total de 6.074.964 para o financiamento de equipamento, de persoal e doutros gastos de xestión de tres centros tecnolóxicos: o da Lousa, o do Granito e o das Telecomunicacións (GRADIANT). Así o aprobou o Consello da Xunta na súa sesión da mañá ao dar o visto e prace aos convenios de colaboración coas fundacións xerentes dos centros. Estas accións supoñen un paso máis na articulación do sistema galego de I+D+i ao responder ás necesidades de sectores estratéxicos da economía galega mediante a creación e a consolidación de centros tecnolóxicos sectoriais.

O convenio que asinará Innovación e Industria coa Fundación Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (GRADIANT) suporá un investimento de 2.484.500 para o desenvolvemento de actuacións encamiñadas á creación e á posta en operatividade do centro. GRADIANT foi fundado hai un ano por once empresas do sector das TIC de Galicia, a Consellería de Innovación e Industria e as tres universidades galegas. O 51% do capital fundacional é privado. O centro, que se sitúa provisionalmente na Escola de Enxeñeiros de Telecomunicacións da Universidade de Vigo, terá a súa sede na Cidade Tecnolóxica de Vigo (CITEXVI).

Os conceptos que se subvencionarán a través do convenio son gastos de persoal, de equipamento de laboratorio e material informático e de oficina, e outros gastos relacionados coa asesoría, a formación, a difusión ou a representación do centro.

O investimento da Consellería de Innovación e Industria en GRADIANT para o ano 2008 é de 440.000 euros e supón o 100% do custo total dos gastos recollidos no convenio. En 2009 a subvención será de 900.000 euros, un 60% do custo total, mentres que en 2010 se destinarán 2.484.500, o 50% do custo dos gastos que se indican no documento. Este investimento súmase ao realizado pola Consellería para a posta en marcha do centro, momento en que achegou 143.000 euros dos 395.000 do total do orzamento inicial.

Impulso a sectores estratéxicos

Os convenios que se asinarán co Centro Tecnolóxico da Lousa e co Centro Tecnolóxico do Granito teñen como finalidade a súa consolidación de cara “á creación de centros de competencia no sector”. Perséguese a estabilidade de ambas as dúas entidades para acadar o liderado en liñas de investigación estratéxicas.

No caso do Centro do Granito, destinaranse 2.584.075 euros repartidos en tres anualidades: 283.772 en 2008, 1.129.100 en 2009 e 1.171.203 en 2010. Con esta cantidade financiarase o equipamento do centro ao investirse en laboratorios de pedra natural, de granulados e de ambiente, así como nun centro de deseño de maquinaria. Financiaranse ademais gastos de persoal e de asesoramento, materiais informáticos e outros gastos de mantemento.



En canto ao Centro Tecnolóxico da Lousa, a Consellería de Innovación e Industria investirá un total de 1.006.389 euros, repartidos nas seguintes anualidades: 232.554 en 2008, 425.543 en 2009 e 281.543 en 2010. Financiaranse equipamentos de laboratorio como un equipamento para ensaios de choque térmico, unha cámara para un microscopio petrográfico ou unha cortadora de disco de diamante. Ademais, tamén se pagan a través deste convenio gastos de persoal, de asesoría técnica externa, de mantemento, de promoción etc., así como obras para a habilitación dun almacén e dunha sala de exposicións e para o acondicionamento do laboratorio.



A XUNTA ACHEGARÁ 350.000 EUROS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE INICIACIÓN Á PROMOCIÓN EXTERIOR (PIPE) EN 2009

A Consellería de Innovación e Industria renova este ano a colaboración co ICEX, coas Cámaras de Comercio de Galicia e o Consello Superior de Cámaras de Comercio, Industria e Navegación de España para o desenvolvemento do Programa Plan de Iniciación á Promoción Exterior (PIPE), correspondente á anualidade de 2009. O Consello da Xunta autorizou esta mañá a subscripción de varias addendas aos convenios de colaboración que Innovación e Industria ten asinados cos devanditos organismos.

En total, o Goberno galego achegará 349.862 euros, un 31,5% máis que o ano anterior, para cofinanciar o desenvolvemento de diversos programas de iniciación á promoción exterior e seguimento de pequenas e medianas empresas en Galicia, así como para a elaboración de diagnósticos empresariais.

O programa PIPE configúrase como un plan individualizado, específico e estratéxico deseñado para aquelas PEMES que non exportaron nunca ou o fixeron de xeito ocasional, co fin de apoialas na súa saída aos mercados exteriores e conseguir desta maneira que un maior número de empresas se aventuren no exterior.



A XUNTA RECOÑECE COMO COLECCIÓN VISITABLE O OBRADOIRO E ARQUIVO DE DOCUMENTACIÓN MUSICAL DO CENTRO DE ARTESANÍA E DESEÑO DE LUGO

- ***A colección reúne instrumentos musicais, na súa maioría galegos, desde a Idade Media ata hoxe***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o recoñecemento e cualificación como colección visitable do Obradoiro e Arquivo de Documentación Musical do Centro de Artesanía e Deseño da Deputación Provincial de Lugo. Desta maneira a Consellería evidencia o valor deste conxunto e pezas instrumentais que a converten nunha colección única en Galicia.

O Obradoiro e Arquivo de Documentación Musical, pertencente ao Centro de Artesanía e Deseño da Deputación Provincial de Lugo, constitúese como un catálogo especializado de instrumentos musicais e obxectos sonoros, fundamentalmente galegos, que abarcan dende a Idade Media ata os nosos días.

A colección, que pasa a ter carácter público, pretende promover o estudo, investigación e formación, catalogación, conservación e difusión do patrimonio musical galego.



A XUNTA ASINA CONVENIOS DE COLABORACIÓN COAS FEDERACIÓNS GALEGAS DE FÚTBOL, HÓCKEY E XADREZ PARA APOIAR O DESENVOLVEMENTO DAS SÚAS ACTIVIDADES

- ***O Goberno galego destina un total de 403.393 euros para axudar a financiar os gastos ordinarios das federacións e o deseño de programas de actividades***

O Consello da Xunta autorizou hoxe á Consellería e Cultura e Deporte a asinar convenios de colaboración coas federacións galegas de fútbol, hóckey e xadrez, cun custo total de 403.393 euros. A través destes acordos, o Goberno galego apoia o financiamento dos gastos ordinarios destas entidades deportivas, así como dos derivados do deseño do seus programas de actividades.

O convenio coa Federación Galega de Fútbol, cun custo total de 245.393,60 euros, ten unha vixencia bianual: No ano 2008 recibirá 34.918,60, mentres que para o ano 2009 lle corresponderán 210.475). Este convenio ten o obxectivo de “coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade”. Na elaboración do programa de actividades da federación, figura a promoción do deporte feminino ou as seleccións galegas nas categorías inferiores, entre outras actuacións.

Con respecto á Federación Galega de Hóckey, o convenio será para os anos 2008 e 2009 cun custe total de 60.000 euros (23.500 euros para o presente ano e 36.500 euros no ano 2009). Por último, a Federación Galega de Xadrez, asinará o convenio coa Dirección Xeral para o Deporte cun orzamento de 98.000 euros, que se dividirán en dous anos: en 2008 recibirá 9.000 e en 2009 cobrará 89.000 euros.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA DEFINITIVAMENTE O PROXECTO SECTORIAL DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL PARA O COMPLEXO HOSPITALARIO DE PONTEVEDRA, O QUE PERMITE INICIAR O PROCESO EXPROPIATORIO E A LICITACIÓN DA OBRA

- ***Con esta medida, o Goberno galego contribúe ao desenvolvemento sanitario da zona norte da provincia de Pontevedra desde unha perspectiva de planificación integral dos recursos hospitalarios desta área***

O Consello da Xunta aprobou hoxe definitivamente o Proxecto Sectorial de Incidencia Supramunicipal para o Complexo Hospitalario de Montecelo. A aprobación desta figura de planeamento urbanístico permite dispoñer do espazo físico necesario para poder edificar unha infraestrutura de interese público, por riba da existencia ou non dun plan xeral de ordenación municipal. Esta figura é o paso previo e imprescindible para poder desenvolver o proxecto de hospital único de Pontevedra, xa que a partir de agora se pode proceder ao inicio do procedemento de expropiación dos terreos afectados e a licitación da obra.

Esta aprobación prodúcese logo de que se cumpriran todos os trámites de exposición pública, conte co preceptivo estudo de impacto ambiental, e o correspondente informe da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

O obxecto do Proxecto sectorial do Hospital Único de Pontevedra é a ampliación e modernización do Complexo, coa construción dun novo edificio que constitúa o eixe central dun novo espazo urbanístico, que permita atender a demanda asistencial actual e o seu desenvolvemento futuro.



O BANCO DE CORDÓN DO CENTRO DE TRANSFUSIÓN DE GALICIA ACOLLERÁ AS DOAZÓNS QUE SE FAGAN NOS HOSPITAIS PÚBLICOS DE CASTELA-LEÓN

- ***O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe o convenio de colaboración coa Xunta de Castela e León para regular a recollida, transporte e almacenamento destas doazóns***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, o Servizo Galego de Saúde e a Xerencia de Saúde de Castela e León co obxectivo de mellorar a atención sanitaria da cidadanía e posibilitar a recollida de sangue de cordón umbilical nas maternidades autorizadas como centros extractores da Comunidade Autónoma de Castela e León.

Mediante este convenio de colaboración establecerase o sistema de recollida do sangue de cordón umbilical nas maternidades autorizadas como centros extractores da Comunidade Autónoma de Castela e León, así como o almacenamento en frío para garantir o transporte das unidades ata o Banco de Cordón do Centro de Transfusión de Galicia en Santiago de Compostela.

A Consellería de Sanidade, por medio do Centro de Transfusión de Galicia (CTG), comprométese a procesar e conservar as unidades de sangue de cordón umbilical que cumpran os criterios de aceptación desde a súa recepción ata a súa posterior distribución e identificará todas as unidades procedentes do Centro de Hemoterapia y Hemodonación de Castela e León (CHEMCYL), así como manter a confidencialidade dos datos das doadoras.

Tratamento de enfermidades

O sangue de cordón umbilical, ao igual que a médula ósea e o sangue periférico, son ricos en células proxenitoras hematopoxéticas, polo que poden utilizarse en transplantes de enfermidades hematolóxicas e nalgunhas enfermidades xenéticas.

A autorización para a sinatura deste convenio de colaboración obedece á crecente necesidade de ofrecer á doazón altruísta de sangue de cordón umbilical a toda a poboación sen incrementar o número de bancos existentes, co fin de contribuír a unha mellor calidade do produto e a unha boa xestión dos recursos, o que leva ao establecemento de convenios entre comunidades que non dispoñen de banco de sangue de cordón con outras que o teñen.

Este convenio posibilitará o almacenamento no Banco de Sangue de Cordón Umbilical do Centro de Transfusión de Galicia, en funcionamento desde o ano 1998, das unidades recollidas nas maternidades autorizadas pola Consejería de Sanidad de Castela e León.





A XUNTA PRORROGA ATA FINAIS DE XUÑO DE 2009 OS PLANS DE MELLORA DOS BANCOS MARISQUEIROS DO CONCELLO DE MIÑO E DA FOZ DO MIÑOR EN BAIONA

- ***Estas actuacións forman parte das medidas impulsadas pola Consellería de Pesca para evitar as consecuencias da inactividade nas zonas de produción pola súa catalogación como zona "C"***

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a sinatura de addendas que permitirán prorrogar os convenios de colaboración polos que se rexen o proxecto de seguimento e mellora das condicións para a cría de moluscos en Miño (A Coruña) e o plan de conservación e mellora das condicións ambientais da Foz do Miñor, en Baiona (Pontevedra). Estas actuacións suporán a achega de algo máis de 197.000 euros por parte da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, cifra que permitirán prolongar os protocolos actuais ata finais de xuño de 2009.

Estes plans de traballo forman parte das medidas que está a impulsar a Administración pesqueira galega para evitar ou paliar as consecuencias da inactividade dos bancos marisqueiros e que afectan os profesionais do mar en varias rías galegas pola catalogación das súas áreas de produción como zona "C". Esta clasificación impídelles comercializar en fresco os moluscos extraídos e a venda para a transformación apenas lles resulta rendible.

No caso da Confraría de Pescadores de Miño, o Goberno galego acordou autorizar a sinatura dunha addenda para prorrogar o convenio suscrito o pasado mes de agosto coa Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos para a execución do proxecto de seguimento e mellora das condicións para a cría de moluscos nos bancos marisqueiros que son autorizacións deste pósito.

Deste xeito, a vixencia do devandito protocolo, que está fixada ata o 31 de decembro deste ano, prolongarase ata o 30 de xuño de 2009 e suporá a achega de 89.041,83 euros. Como contrapartida, os mariscadores realizarán tarefas consistentes na mobilización manual do substrato en superficie para a descompactación e oxixenación do sedimento e eliminación de lodos, o traslado de moluscos de tamaño non comercial a aquelas zonas sinaladas polos biólogos da Consellería de Pesca e a vixilancia para evitar a extracción furtiva.

Coa execución deste proxecto perséguese a mellora na calidade sanitaria dos moluscos explotados pola Confraría de Pescadores de Miño, paliar os efectos negativos de inactividade sobre os bancos, a vixilancia e seguimento da calidade dos moluscos logo do seu traslado a zonas que gozan de mellores condicións.

Nos labores que prevé o protocolo están a participar os titulares do permiso de explotación para marisqueo a pé e os tripulantes de embarcacións con permex para marisqueo asociados ao pósito de Miño. Pola súa parte, a confraría encargase da



coordinación e o control da distribución e da realización dos traballos baixo a supervisión dos técnicos e biólogos da Consellería de Pesca.

Esta prórroga vén derivada porque á vista dos resultados do seguimento da calidade das augas nos últimos meses, non se espera que as condicións microbiolóxicas dos bancos marisqueiros desta zona melloren sensiblemente a curto prazo, e prevese que se manteña a situación actual polo menos durante o primeiro semestre de 2009.

Foz do Miñor

Por outra banda, o Consello da Xunta tamén autorizou a sinatura da segunda addenda pola que se prorroga o convenio de colaboración suscrito a finais de 2007 entre a Consellería de Pesca e a Confraría de Pescadores de Baiona para a execución do proxecto de conservación e mellora das condicións ambientais da Foz do Miñor. Así, a vixencia do protocolo, fixada para o 31 de decembro, esténdese ata o 30 de xuño de 2009 e supón a chegada de 108.054 euros.

A ampliación do protocolo seis meses máis débese á imposibilidade de vender en fresco os moluscos bivalvos extraídos na parte media e interna do Esteiro do Río Miñor (zona de autorización marisqueira do pósito de Baiona), o que comporta a ausencia de actividade nesta zona. De cara a paliar os efectos desta inactividade, a consellería asinou coa confraría un convenio en marzo de 2007, e subscribiu un novo documento a finais dese mesmo exercicio.

Coa execución deste proxecto perséguese acadar o mantemento das condicións produtivas dos bancos marisqueiros, evitando a compactación do substrato e a acumulación de lodos e restos que impidan o desenvolvemento dos moluscos. Nos labores necesarios para conseguir este obxectivo participan os titulares de permiso de explotación de marisqueo a pé asociados á Confraría de Pescadores de Baiona, de xeito voluntario. Pola súa parte o pósito baionés é oencargado de coordinar e controlar a distribución e realización dos traballos, baixo a supervisión dos técnicos e biólogos que designa a consellería.

Entre estes traballos atópanse as tarefas sobre o substrato e os rareos e traslados de exemplares dentro do propio complexo intermareal ou a outras zonas ou bancos, sempre que se considere beneficioso a xuízo dos técnicos da Administración pesqueira galega.



O GOBERNO GALEGO DESTINA MÁIS DE 500.000 EUROS A OBRAS DA REDE DE SANEAMENTO EN MONTE ALOIA, NO CONCELLO PONTEVEDRÉS DE TUI, NO MARCO DO PROGRAMA “PARQUES PARA VIVIR”

- ***Este programa ten por obxecto mellorar a calidade de vida dos residentes nos parques naturais de Galicia mediante unha acción combinada de todas as direccións xerais da Consellería de Medio Ambiente***
- ***A través desta iniciativa, os concellos incluídos en parques naturais beneficiaranse de obras e accións que suporán un investimento de 15 millóns de euros***
- ***O saneamento en Monte Aloia é a primeira actuación en materia de saneamento que se realiza no marco deste programa***

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible destinará 514.400 euros ás obras da rede de saneamento no Monte Aloia, no concello pontevedrés de Tui. O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración entre a administración autonómica e a local para a execución do proxecto, que financiará na súa totalidade o departamento que dirixe Manuel Vázquez.

As obras, que teñen un prazo de execución de seis meses, permitirán dotar aos lugares de Monte Aloia, Vilanova-Rebordáns e Frinxo, no municipio de Tui, dunha rede de recollida de augas fecais e a súa conexión á rede xeral de saneamento para o tratamento na estación depuradora de augas residuais.

Parques para Vivir

Esta actuación enmárcase no programa ‘Parques para Vivir’, posto en marcha pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co fin de mellorar a calidade de vida dos residentes dos parques naturais de Galicia. O departamento que dirixe Manuel Vázquez destina 15 millóns de euros a este programa, que supón unha acción combinada de todas as direccións xerais da consellería.

Así, o investimento deste ano distribúese en achegas de cada unha das direccións xerais da Consellería de Medio Ambiente, integrando así as políticas en materia hidráulica, de conservación da natureza, tratamento de residuos e desenvolvemento sostible.

O aporte de Augas de Galicia a este programa é de un total de 6 millóns de euros para obras de abastecemento e saneamento en concellos sitos en parques naturais. As actuacións previstas executaránse entre 2008 e 2013, sendo a primeira delas a que hoxe autorizou o Consello da Xunta para o saneamento a Monte Aloia.



O GOBERNO GALEGO COLABORARÁ COAS ENTIDADES FINANCEIRAS PARA APOIAR OS TRABALLADORES DAS EMPRESAS GALEGAS AFECTADAS POLA CRISE DA LOUSA

- ***A través desta iniciativa a Consellería de Traballo subvencionará os xuros e a comisión de apertura dos préstamos solicitados polos traballadores das empresas de extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos***
- ***A finalidade é poder axudar os traballadores a facer fronte aos seus pagamentos pendentes***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración a subscribir entre a Consellería de Traballo e as entidades financeiras para apoiar os traballadores das empresas galegas afectadas pola crise no sector da lousa. A través deste acordo, o departamento laboral da Xunta de Galicia subvencionará o 100% dos xuros e a comisión da apertura dos préstamos persoais que soliciten os operarios da lousa que teñen pendente o cobramentos dos seus salarios.

A Consellería de Traballo destinará un orzamento de preto de 100.000 euros para levar a cabo esta iniciativa, coa que se beneficiará a un total de 110 operarios do sector da lousa. En concreto, poderán acollerse a este procedemento os traballadores das empresas de extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos radicadas nas provincias de Lugo e Ourense. Moitos destes empregados atópanse nunha situación de urxente necesidade debido a que levan varios meses sen cobrar a súa nómina, polo que a finalidade é poder axudarlles a facer fronte aos seus pagamentos pendentes.

Para o Goberno galego o apoio económico a estes operarios ten un indubidable interese público, social, laboral e humanitario ao tratar de adiantarlles os cartos para darlles unha alternativa e contribuír a mellorar a súa calidade de vida e a das súas familias. O importe máximo dos préstamos solicitados será de 15.000 euros e o prazo de concesión da subvención dos xuros e a comisión de apertura será de ata 18 meses.



O GOBERNO GALEGO CÉDELLE AO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS 23.875 METROS CADRADOS DE SOLO A CARÓN DO PARQUE EMPRESARIAL DA RAÑA PARA DESTINALOS A APARCADOIRO DE VEHÍCULOS PESADOS

- ***Trátase dunha cesión temporal de uso, por un máximo de 10 anos, para dar resposta á necesidade de dispoñer dunha zona de aparcadoiro de camións que evite o seu tránsito polas rúas da vila***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a cesión ao Concello do Barco de Valdeorras de 23.875 metros cadrados de solo nas inmediacións do *Parque Empresarial da Raña* para destinalos a aparcadoiro de vehículos pesados. Trátase dunha cesión temporal de uso, por un máximo de 10 anos, para dar resposta á necesidade manifestada polo Concello de dispoñer dunha zona de aparcadoiro de camións próxima ao parque empresarial que evite o tránsito destes vehículos pesados polas rúas da vila.

Os terreos cedidos ao Concello pola Consellería de Vivenda e Solo, permitirán habilitar prazas de estacionamento para os máis de 200 camións de autónomos e pequenas empresas que, segundo estimacións do propio concello, non teñen garaxes ou prazas de aparcadoiro propias e que na actualidade se ven na obriga de aparcar nas rúas da vila, xerando molestias de todo tipo para o tráfico de turismos e o tránsito peonil.

Os terreos cedidos pola Xunta son os denominados no PXOM como *S.U.R -33*. O concello será o encargado de acondicionar o contorno e comprométese a devolver os terreos á Xunta no momento en que sexan precisos para a súa urbanización definitiva.